




Reclamante: 


Expediente **RSCTG 0105/2017**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por , mediante escrito do 17 de novembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 17 de novembro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte do Concello de Cedeira.

O interesado indicaba que non estaba de acordo coa Resolución do Concello de Cedeira de 3 de novembro de 2017 pola que se inadmite a solicitude de acceso á información pública do 3 de outubro de 2017. En concreto indica *“pregunto por la posible incompatibilidad de una empresa redactora del plan general para redactar trabajos a particulares en este término municipal y no me contestan a mis preguntas”*

O escrito viña acompañado da solicitude de 3 de outubro de 2017 dirixida ao Concello de Cedeira na que se facía a solicitude tal como segue :

“Que ha visto como últimamente se le encargaban por parte del concello y de particulares trabajos a 

Que al menos uno de los trabajos particulares contradice la documentación existente en el concello redactada por esta sociedad para su aprobación inicial y aumenta la edificabilidad de forma desproporcionada cuando no se ha cumplido ni el 50% de utilización del suelo urbano.

Que si sigue sendo el redactor de la Revisión del Plan General, debería estar incompatibilizado para la redacción de proyectos e este concello.”

A solicitude finalmente pide que se lle indique se a empresa [REDACTED] segue sendo o redactor do Plan Xeral, de selo caso data na que ben o concello ben a adjudicataria acordan ou solicitan a dita rescisión contractual. Igualmente pregunta se algunha das partes vulnerou as condicións da adxudicación dos contratos e, por último, se pregunta se a día da presentación da solicitude esa empresa non é redactora do plan, isto supón que para facer unha nova revisión do plan habería que iniciar outro proceso de contratación, que non tería porque recaer no mesmo equipo e por tanto perdeuse todo o abonado ou se lle volve adxudicar a dita empresa a dedo e así queda todo xustificado.

O escrito viña tamén acompañada da resolución do Concello de Cedeira que en dous breves parágrafos centra a petición en que se *“plantea una serie de cuestiones relativas al expediente de redacción del Plan General y en concreto relativas a su rescisión contractual.”*, e ante esta petición aplica literalmente o texto do artigo 18.1 a) da lei 19/2013, do 9 de decembro, é dicir, aplica a causa de inadmisión por tratarse dunha información que está en curso de elaboración ou de publicación xeral.

A resolución no parágrafo primeiro inadmite polas causas indicadas e seguidamente comunica que *“una vez concluida la tramitación de la liquidación del contrato de consultoría y asistencia técnica para la redacción del Plan General de Ordenación Municipal de Cedeira se le citará oportunamente para consultar en las dependencias municipales el expediente completo.”*

Segundo. Con data 24 de novembro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado ao Concello de Cedeira para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 28 de novembro de 2018.

O Concello non respostou.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional

cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Análise do expediente

A reclamación realízase en tempo e forma dado que a data de presentación ante a Comisión da Transparencia é o día 17 de novembro de 2017 e a resolución do Concello de Cedeira é de 3 de novembro de 2017.

Corresponde a esta Comisión determinar se eses documentos constitúen información pública ou non. E se, en caso afirmativo, están sometidos a algún dos límites do artigo 14 e 15 , ou a vista do informe se son subsumibles nas causas de inadmisión do artigo 18.1 a) e e) da Lei 19/2015, do 9 de decembro. Análise que se realizará tendo en conta a recente sentenza do TS nº 1547/2017 que consagra a necesidade de interpretar de xeito restritivo os límites e excepcións legais e resolve que “ *En canto á limitación do acceso á información prevista no artigo 14.1.h/ da Lei 19/2013, do 9 de decembro (cando o acceso á información supoña un prexuízo para os intereses económicos e comerciais), xa sinalamos que as limitacións contempladas no artigo 14 da Lei 19/2013, o mesmo que sucede coas causas de inadmisión de solicitudes de información que enumera o artigo 18, deben ser interpretadas de forma estrita e partindo da premisa de que o dereito de acceso á información aparece configurado no noso ordenamento cunha formulación ampla, de xeito que só son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas.*

Claramente o deixa así sinalado o artigo 14.2 da Lei 19/2013 cando dispón “ (...) 2. A aplicación dos límites será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso” por tanto a posibilidade de limitar o dereito de acceso á información non constitúe unha potestade discrecional da administración.”

Neste expediente compre pois analizar a petición realizada polo particular en relación ao concepto de información pública e posteriormente en relación á resolución do concello para finalizar analizando se é aplicable a causa de inadmisión do artigo 18.1 a) tal como se fixo polo Concello de Cedeira na resolución emitida o 3 de novembro de 2017.

A solicitude pide que se lle indique se a empresa [REDACTED] segue sendo o redactor do Plan Xeral do Concello, de selo caso data na que ben o concello ben a adjudicataria acordan ou solicitan a dita rescisión contractual. Igualmente pregunta se algunha das partes vulnerou as condicións da adjudicación dos contratos e, por último, se pregunta se a día da presentación da solicitude esa empresa non é redactora do plan, isto supón que para facer unha nova revisión do plan habería que iniciar outro proceso de contratación, que non tería porque recaer no mesmo equipo e por tanto perdeuse todo o abonado ou se lle volve adjudicar a dita empresa a dedo e así queda todo xustificando.

A información pública segundo a lexislación de transparencia consiste en contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, en poder da administración local e

que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións. Por tanto, debe ser información que xa consta na administración. Dentro deste concepto entran claramente a demanda de coñecer se a empresa, coa que o concello celebrou un contrato de consultaría e asistencia técnica para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cedeira, segue sendo a redactora, e as posibles datas e as causas ou responsabilidades que dan lugar á rescisión contractual. Coa información que da a resolución do Concello achegada polo reclamante, non é posible coñecer, porén, se existe algunha decisión sobre o desenvolvemento futuro desta competencia do concello. Neste caso, polo tanto compre indicar que solo é información pública se existen xa contidos ou documentos que recollan tal información.

Polo tanto, coas limitacións indicadas, procede sinalar que o solicitado é unha información pública. O que se demanda son datos obxectivos que poden ser facilitados ao marxe de que a liquidación do contrato de consultaría e asistencia técnica para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cedeira se producira ou non, sobre todo porque o reclamante só pide eses datos e non pide que se lle achegue ou mostre o expediente completo. Tan só quere saber, se hai rescisión, do que por certo se lle informa e se lle di que está en trámite. Igualmente quere a información relativa as posibles datas e as causas ou responsabilidades que dan lugar á rescisión contractual, e de existir algún tipo de acordo ou contido no sentido de ter adoptada algunha decisión sobre o desenvolvemento futuro desta competencia do concello.

En relación á aplicación dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, parece difícil que debido ao concreto das preguntas formuladas polo reclamante existan datos de carácter persoal, mais complexo é se algún dos límites do artigo 14 poden estar afectados, polo que será necesario valorar a información por parte do concello e ponderar os intereses e dereitos contrapostos en xogo.

Por último na resolución do concello a aplicación do artigo 18 1 a) prodúcese de xeito incorrecto, en primeiro termo porque se lle contesta indirectamente á primeira pregunta, polo que estamos ante unha estimación parcial, doutro porque o solicitado non é a posta a disposición dun expediente se non que se lle responda ás preguntas que xa temos indicado, e en todo caso non se xustifica nin se demostra que é proporcionada a resposta de inadmisión en relación á solicitude formulada. É necesario que a administración que inicia a liquidación dun contrato coñeza a data e as causas, por tanto, aplicar o artigo 18.1 a) necesita ser xustificado para o caso concreto.

Quinto.- Procede por tanto estimar a reclamación e retrotraelo expediente a fin de que o concello ante as cuestións presentadas polo reclamante, analice a información existente no concello e determine a cales cuestións se lle pode dar resposta sen incumprir os límites legais dos artigos 14 e 15, motivando as causas de inadmisión, se has houber, dando un prazo para

achegar a resposta para o caso de que se xustifique que parte da información está en curso de elaboración, e respectando igualmente o artigo 22 (todos eles artigos da Lei 19/2013, do 9 de decembro) para a formalización da achega da información.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Primeiro: Estimar para retrotraelo expediente orixinado pola reclamación presentada por [REDACTED] con data 17 de novembro de 2017, contra a inadmisión da solicitude do Concello de Cedeira do 3 de novembro de 2017, de acordo co indicado nos fundamentos cuarto e quinto.

Segundo: Instar ao Concello de Cedeira, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Cedeira, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e a recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga